



Páxina principal

Actualidade

- Novas
- Lembra estas datas
- Destacados

O teu Concello

- Saúda do Alcalde
- Corporación Municipal
- O goberno municipal
- Grupos políticos
- Mancomunidade
- Padroado de Deportes
- Indicadores municipais
- Índices de transparencia

Actividade municipal

- Calendario de comisións
- Actas dos plenos
- Xuntas de goberno
- Listaxe de asociacións
- Entidades benestar social

O que che ofrece Ferrol

- Como chegar?

Programación cultural

- Axenda cultural
 - Teatro Jofre
 - Torrente Ballester
 - Centro cívico Caranza
 - Carvalho Calero
 - Exposicións
- FIMO
- Turismo
- Para comer e durmir
- Para ir de copas
- Visitas obrigadas
- Rutas por Ferrol
- Ferrol en fotos

Servizos

- Vodas civís
- Teléfonos de interese
- Transporte urbano
- Transporte interurbano
- Transporte marítimo
- Obxectos perdidos
- Cortes de tráfico

Administración

- Contratación
- Normativa
 - Normativa municipal
 - Ordenanzas fiscais
 - Orzamentos
 - Calendario fiscal
 - Outros documentos
- Recursos Humanos
 - Bolsa de traballo
 - Oferta pública de emprego
 - Outras contratacións
 - Lexislación
- Taboleiro de anuncios
- Trámites
 - Descarga de impresos



Ferrol lembra a figura de Torrente Ballester con motivo do aniversario do seu falecemento

Martes, 29 de xaneiro de 2013

O concelleiro de Cultura, Manuel-Reyes García Hurtado; presidiu a ofrenda floral no cemiterio de Serantes, onde descansan os restos do ilustre escritor ferrolán.

[Voltar](#) | [Versión para imprimir](#) | [Compartir:](#) [f](#) [t](#) [e](#) [v](#) [g](#) [p](#) [i](#) [u](#)

O concelleiro de Cultura, Manuel-Reyes García Hurtado, presidiu hoxe no cemiterio de Serantes os actos institucionais organizados polo Concello de Ferrol con motivo do aniversario do pasamento de Gonzalo Torrente Ballester (1910-1999). Representantes dos grupos municipais do PP, PSOE e IF así como o profesor e estudoso da obra de Torrente Ballester, Jose Antonio Ponte Far, e representantes do Real Coro Toxos e Froles, asistiron a este acto, que consistiu nunha ofrenda floral na tumba deste Fillo Predilecto de Ferrol.

Nas súa intervención, García Hurtado destacou de Gonzalo Torrente Ballester o feito de que “é, na miña opinión, o persoeiro máis importante que deu a nosa cidade. Un ferrolán universal que forma parte da historia da cultura universal e que recibiu en vida todos os premios literarios aos que un escritor pode aspirar”, engadindo que “hoxe sobrevive a través das súas obras e dos seus lectores”. Ademais, o titular de Cultura sinalou que a ofrenda floral que organiza tódolos anos o Concello de Ferrol “é unha forma de gratitude, en representación de toda a cidadanía, á figura deste ilustre escritor”.

Pola súa banda, Ponte Far sinalou que Torrente Ballester “estaría moi contento se puidera ver esta escena, na que un grupo de amigos e representantes da cidadanía de Ferrol, estamos aquí para lembralo”. Así mesmo, este estudoso da obra do autor de “Los gozos y las sombras”, apuntou que este “acertou ao escoller Serantes como sitio onde descansar, pois foi aquí onde pasou a súa infancia e esta é unha terra que lle inspirou na súa obra”. “A mellor homenaxe que se lle pode facer a un escrito e ler a súa obra. Mentres os libro de don Gonzalo teñan lectores este seguirá vivo e así será durante moitos anos”, concluíu Ponte Far.

A Banda de Música Ferrolá e a lectura dun texto de Gonzalo Torrente Ballester a cargo de Ángeles Seoane puxeron o colofón ao acto institucional en memoria do ilustre ferrolán.

SAÚDA DO ALCALDE



José Manuel Rey Varela

PLAN URBAN



MOVÁMONOS XUNTOS
É A TARNETA DE FERROL
É A TARNETA DE TODOS

TOTALMENTE GRATUITA E CON UN SANTIAGO

Reservado todos os dereitos. Non se permite a súa explotación económica.

© 2013 Ferrol. Todos os dereitos reservados.

FERROL


FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
Unha maneira de facer Europa

UNIÓN EUROPEA

FERROL

FERROL

AXÚDENOS A MELLORAR



Trasládenos as súas suxestións

FERROL CULTURA

